



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

**Abril 2017**

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2017


Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Índice de comercio polo miúdo (ICM). Abril 2017

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes aumentou en Galicia un 0,9% en abril de 2017 con respecto ao mesmo período do ano anterior e en España decreceu un 1,0%.
- Por produtos, a Alimentación rexistra unha caída nas vendas do 0,5% e o Resto de produtos un incremento do 1,1%.
- Galicia ocupa a quinta posición entre as comunidades con maior crecemento.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes aumenta un 4,0% no mes de abril de 2017 con respecto ao mesmo período do ano anterior, 2,3 puntos máis que en España (1,7%).
- O índice xeral de ocupación aumenta o 1,4% en Galicia, catro décimas menos que no conxunto do Estado (1,8%).
- En todas as comunidades autónomas aumenta a ocupación no mes de abril.

### Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Abril 2017

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
<b>Xeral</b>	87,3	0,9	1,4
<b>Xeral sen estacións de servizo</b>	85,0	0,5	1,5
<b>Alimentación</b>	87,2	-0,5	-0,3
<b>Resto</b>	83,2	1,1	2,7



## 1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes rexistra un incremento do 0,9% no mes de abril, empeorando en 2,9 puntos a taxa do trimestre precedente. A nivel nacional o índice rexistra unha taxa do -1,0%, inferior en 3,7 puntos á taxa do mes anterior.


O índice xeral sen estacións de servizo aumenta o 0,5% respecto a abril de 2016, 3,2 puntos menos que no mes anterior. Desagregando por produtos:

- A Alimentación diminúe as súas vendas un 0,5% e resta 0,2 puntos a taxa de variación do índice sen estacións de servizos. En España, as vendas na Alimentación aumentan o 0,1%.
- O Resto de produtos presenta unha taxa do 1,1% e achega 0,7 puntos á taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo. A nivel nacional diminúe o 1,7%.

No que vai de ano, as vendas incrementáronse un 1,4% en Galicia e un -0,3% en España.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 3,5%.

O seguinte gráfico amosa a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




## 2. Índices por comunidades autónomas

Nove comunidades autónomas aumentan as súas vendas en abril. Os maiores incrementos danse en Illes Balears (3,1%) e Canarias (2,2%). O maior descenso dáse no País Vasco (-5,7%).

## Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Abril 2017

### Taxas de variación en %



No que vai de ano, Canarias rexistra o maior incremento (2,4%) mentres que o maior descenso dáse en Melilla (-2,3%).

### 3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes rexistra, no mes de abril de 2017, un incremento do 4,0% en Galicia e do 1,7% a nivel nacional.

O índice xeral sen estacións de servizo aumenta un 2,5% en Galicia, 1,9 puntos máis que en España (0,6%). Desagregando por produtos, en Galicia a Alimentación aumenta as vendas o 1,3%, igual que en España. O Resto de produtos rexistra un incremento das súas vendas en Galicia do 3,1% e en España do 0,0%.

No que vai de ano, o índice xeral aumenta un 5,3% en Galicia e o 3,3% en España.

## Índices de comercio polo miúdo. Abril 2017

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
<b>Xeral</b>	94,2	4,0	5,3
<b>Xeral sen estacións de servizo</b>	91,7	2,5	4,0
<b>Alimentación</b>	99,0	1,3	1,3
<b>Resto</b>	86,7	3,1	5,6

■ Interanual ■ 01 ■ 03  
■ No que vai de ano ■ 02 ■ 04

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 6,5%.

#### 4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa un incremento interanual do 1,4% no mes de abril de 2016 en Galicia, catro décimas menos que no conxunto de España (1,8%).

No que vai de ano, a ocupación crece en Galicia un 1,5% e en España un 1,8%.

#### 5. Índices de ocupación por comunidades autónomas


A ocupación no comercio minorista aumenta en abril en todas as comunidades autónomas.

Os maiores incrementos danse en Canarias (5,5%) e Illes Balears (5,5%). En senso contrario, Melilla (0,7%) rexistra o menor crecemento.

No que vai de ano, os maiores crecementos danse en Canarias e Illes Balears (ambas as dúas 5,3%) e o menor en Ceuta (0,4%) e Castilla-La Mancha (0,5%).

## Índice xeral de ocupación. Abril 2017

### Taxas de variación en %



### Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2010 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflatores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alquileres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alquileres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.
- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alquileres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC<sup>1</sup>.

$${}_{10}I_{defl}^{m,t} = ({}_{10}I^{m,t} / {}_{10}IP^{m,t}) * 100$$

Onde

${}_{10}I_{defl}^{m,t}$  é o índice de comercio polo miúdo a prezos constantes do mes m do ano t

${}_{10}I^{m,t}$  é o índice de comercio polo miúdo a prezos correntes do mes m do ano t e

${}_{10}IP^{m,t}$  é o índice de prezos do mes m do ano t en base 2010

---

<sup>1</sup> Os índices de comercio polo miúdo están en base 2010, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2010

## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Abril 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	94,2	4,0	5,3	87,3	0,9	1,4
Xeral sen estacións de servizo	91,7	2,5	4,0	85,0	0,5	1,5
Alimentación	99,0	1,3	1,3	87,2	-0,5	-0,3
Resto	86,7	3,1	5,6	83,2	1,1	2,7
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	94,2	1,7	3,3	87,4	-1,0	-0,3
Xeral sen estacións de servizo	94,2	0,6	2,1	87,3	-1,0	-0,1
Alimentación	104,1	1,3	2,2	92,1	0,1	0,9
Resto	87,5	0,0	2,0	83,5	-1,7	-0,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Abril 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	101,6	6,5	6,1	94,3	3,5	2,7
Xeral sen estacións de servizo	99,2	5,3	5,1	92,1	3,2	2,7
Alimentación	103,3	4,1	2,6	90,6	2,0	1,0
Resto	96,0	5,8	6,7	92,5	4,1	3,6
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	99,1	4,7	4,2	92,1	1,8	0,9
Xeral sen estacións de servizo	99,2	3,7	3,1	92,2	1,6	1,0
Alimentación	107,3	2,5	3,2	94,6	1,1	1,8
Resto	93,6	4,2	3,0	89,8	2,2	0,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE



Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Abril 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>94,2</b>	<b>1,7</b>	<b>3,3</b>	<b>87,4</b>	<b>-1,0</b>	<b>-0,3</b>
Andalucía	90,7	2,3	2,5	84,0	-0,3	-0,8
Aragón	89,3	1,8	2,6	83,3	-0,8	-0,9
Asturias	87,6	1,9	2,8	81,6	-0,7	-0,7
Balears, Illes	115,8	6,3	5,9	106,9	3,1	2,2
Canarias	104,5	4,4	5,2	100,4	2,2	2,4
Cantabria	95,5	3,9	2,3	88,2	1,1	-1,2
Castilla y León	92,3	3,6	3,1	85,5	0,5	-0,9
Castilla-La Mancha	90,1	2,7	5,0	83,7	-0,5	0,8
Cataluña	95,8	0,0	2,2	87,3	-2,9	-1,6
Comunitat Valenciana	97,6	2,5	3,3	90,8	-0,1	-0,1
Extremadura	95,1	2,5	1,4	88,9	0,4	-1,6
<b>GALICIA</b>	<b>94,2</b>	<b>4,0</b>	<b>5,3</b>	<b>87,3</b>	<b>0,9</b>	<b>1,4</b>
Madrid	92,0	-0,2	3,6	86,4	-2,6	0,3
Murcia, Región de	90,8	3,0	3,4	83,6	0,4	0,0
Navarra	100,3	2,9	4,5	94,4	0,7	1,2
País Vasco	89,4	-3,1	1,8	82,7	-5,7	-1,6
Rioja, La	97,2	4,6	5,5	89,1	1,5	1,6
Ceuta	93,5	-0,4	2,0	88,1	-2,8	-0,9
Melilla	92,6	-0,7	1,0	88,7	-3,3	-2,3

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Abril 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	98,5	1,4	1,5
Xeral sen estacións de servizo	98,2	1,3	1,3
<b>España</b>			
Xeral	98,9	1,8	1,8
Xeral sen estacións de servizo	99,1	1,8	1,8

Fonte: INE

**Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Abril 2017**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>98,9</b>	<b>1,8</b>	<b>1,8</b>
Andalucía	94,1	1,4	1,3
Aragón	97,3	1,5	1,8
Asturias	94,7	2,7	2,2
Balears, Illes	110,2	5,5	5,3
Canarias	106,8	5,5	5,3
Cantabria	100,2	1,4	1,3
Castilla y León	99,0	1,4	1,4
Castilla-La Mancha	99,1	0,9	0,5
Cataluña	101,3	1,1	1,4
Comunitat Valenciana	102,2	2,3	2,0
Extremadura	100,6	1,9	1,6
<b>GALICIA</b>	<b>98,5</b>	<b>1,4</b>	<b>1,5</b>
Madrid	96,3	1,4	1,6
Murcia	95,9	2,5	2,2
Navarra	97,9	1,3	1,4
País Vasco	98,8	1,2	1,4
Rioja, La	100,5	1,6	1,5
Ceuta	101,3	0,9	0,4
Meilla	102,7	0,7	1,2

Fonte: INE